

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA ACTUACIÓNS DE LIMPEZA E
CONSERVACIÓN NO MOSTEIRO DE MONFERO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte D. Fernando Barros Fornos, Ecónomo do Arcebispado de Santiago de Compostela, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, con NIF R1500020A, con domicilio na Praza da Inmaculada núm. 1, en Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle outorga o Código de Dereito Canónico.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e



innovación, o desenvolvemento mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a demanda oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que o Arcebispado de Santiago de Compostela está interesado en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía. O Arcebispado é o titular do mosteiro de Monfero e, por tanto, o único capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

Terceiro.- O mosteiro de Santa María de Monfero está situado na parroquia de San Fiz de Monfero, no concello de Monfero, provincia da Coruña, e sitúase nun pequeno val onde nace o río Lambruxo, dentro do parque natural das Fragas do Eume. Foi declarado no ano 1931 Monumento Histórico Artístico, e ten a condición de ben de interese cultural.

O mosteiro foi fundado no ano 1134 polo nobres Afonso Bermúdez e o seu sobriño Pedro Osorio. Inicialmente estivo encomendado ós beneditinos ata o ano 1147, no que se convertería á Orde do Císter de mans da Abadía de Sobrado. Levantouse entre dúas capelas de gran devoción popular, e a partir do século XIII comeza o crecemento da abadía. Co crecemento económico chegou ó seu esplendor nos séculos XVI e XVII, o que lle permitiu refacer tódolos edificios arredor de 1668, e con estas obras renovouse o estilo arquitectónico, pasando do Renacemento ó Barroco.

A fachada da igrexa ten liñas barrocas co seu xadrezado de lousas incrustadas no granito, así como a súa única torre, xa que a outra foi destruída por un raio, e o escudo de Monfero.

Conserva un muro románico, do século XII, trátase de parte do muro meridional da igrexa primitiva; sobre el cargan as bóvedas do tramo setentrional do claustro regular.

A igrexa ten unha planta de cruz latina, nave principal de 65 metros e un cruceiro que dá lugar a unha gran cúpula octogonal. No seu interior destacan as tumbas dos Andrade.



O deambulatorio, finalizado en 1716, é cadrado co teito en bóveda de canón e con casetóns ornamentados; a súa disposición e motivos danlle un cariz xeroglífico que xoga coa imaxinación.

O edificio principal, destinado a igrexa, en xeral ten bo estado de conservación, aínda que co efecto da humidade, dalgunha pequena filtración e da condensación que se produce no interior, colonizouse de fungos e mofos que a están cubrindo case totalmente polo interior. Estes problemas evidéncianse fundamentalmente no deambulatorio, no cruceiro, na nave principal e no coro, sendo moi acusado nalgunhas zonas.

Cuarto.- As actuacións de limpeza e mantemento que se pretenden levar a cabo abarcará os seguintes elementos:

- Deambulatorio

Procederáse á limpeza con biocida en toda a súa altura, tanto en paramentos verticais como horizontais. Trataráse ademais na parte da bóveda afectada por fungos e mofos.

- Vidros

Os vidros das carpinterías están ocupados por vexetación exterior que está dificultando a entrada de aire e, polo tanto, a ventilación do deambulatorio e do resto da igrexa.

- Nave principal e cruceiro

Están fortemente afectados pola humidade, destacando as zonas da cabeceira a as pilastras do encontro da cruz coa nave principal, así como na zona do coro, nas plantas baixa e alta. As superficies de pedra están a ser invadidas por fungos e mofos, que as tinguen de verde, tanto polos paramentos verticais como horizontais. Ademais pódese ver que as paredes rematadas con pintura tamén están danadas pola humidade, que ascende pola capilaridade, así como polas condensacións, encontrándose tamén afectadas pola microflora. Nestas zonas



procederáse á limpeza mediante produtos biocidas para a súa posterior preparación e aplicación de pintura branca á cal.

- Exterior

Retirarase aquela vexetación que se encontra enraizada entre a pedra dos muros de cachotaría e que poden chegar a danar o edificio. Os traballos consistirán na eliminación desde a raíz das especies herbáceas que de maneira incontrolada medran nas fachadas do monumento.

- Roce e limpeza da parcela

Realizarase na contorna inmediata da igrexa.

Quinto.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que o Arcebispado de Santiago é o único que pode realizar a actuación obxecto deste convenio de colaboración, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para actuacións de limpeza e conservación no mosteiro de Monfero.



SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a as actuacións obxecto deste convenio ascende a 47.664,08 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

1. Actuacións previas	11.394,98 €
1.1. Eliminación de vexetación en paramentos verticais exteriores	2.060,00 €
1.2. Andamios e maquinaria de elevación	9.334,98 €
1.2.1 Andamios	825,48 €
1.2.2. Plataformas elevadoras	8509,50 €
12. Revestimentos e extradorsados	22.253,55 €
12.6. Pinturas en paramentos interiores	22.253,55 €
12.6.5. Pinturas naturais á cal	22.253,55 €
16. Informes técnicos	550,00 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	34.198,53 €
Gastos xerais	2.596,27 €
Beneficio industrial	2.597,00 €
IMPORTE TOTAL SEN IVE	39.391,80 €
IVE (21%)	8.272,28 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	47.664,08 €



Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005 “Fomento do turismo” cunha achega de 47.664,08 € (100%), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento das subvencións a favor da entidade, unha vez que esta entidade presente a documentación xustificativa establecida na cláusula sétima e se comprobe a axeitada xustificación.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2023. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O Arcebispo de Santiago, como entidade beneficiaria da subvención, obrígase a:
 - Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como executar o orzamento previsto na cláusula segunda.



- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a marca turística de Galicia, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As restantes obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- A Axencia Turismo de Galicia comprométense, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, a achegar os importes establecidos na cláusula segunda.



QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.

Non se derivarán obrigas propias dunha relación laboral ou contractual de conformidade coa normativa vixente.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO E PAGAMENTO

A xustificación da subvención efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterà a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterà con:



- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto houberase realizado con anterioridade á solicitude da subvención.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 1 de decembro de 2023.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Con anterioridade á xustificación das actuacións, o Arcebispado de Santiago de Compostela, presentará unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total previsto na cláusula segunda.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Arcebispado deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.



A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

OITAVA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% do importe que se obriga a achegar a Axencia Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta que poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán o ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pago, a entidade beneficiaria deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagos xustificadas, conforme establece o artigo 62 do citado Regulamento.

Coa solicitude de anticipo, a entidade beneficiaria terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto nos artigos 65 e 67 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a realización dos pagamentos anticipados e a conta o Arcebispado terá que constituír unha garantía que deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, cando a súa contía acumulada supere os 18.000 €.



NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A entidade beneficiaria será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.



d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

DÉCIMA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Arcebispado de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como propoñer solucións das posibles controversias que xurdan da citada execución, créase unha Comisión de Seguimento. Esta comisión estará integrada por un representante designado polo Arcebispado de Santiago de Compostela e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector



público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- } O incumprimento do seu obxecto.
- } O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- } O acordo unánime dos asinantes.
- } A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdicional as citadas controversias.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO



En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que de facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO SÉTIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir



notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO OITAVA- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo Arcebispado de Santiago de Compostela

M^a Nava Castro Domínguez

Fernando Barros Fornos

